

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------|----------|---------------|
| 15026352 | IES Brión | Brión | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 2º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 3 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 7 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 8 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 8 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 8 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 9 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 9 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 9 |
| 7.2. Actividades complementarias | 10 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro | 10 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 11 |
| 9. Outros apartados | 11 |

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade e que se configurará neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Brión.

O grupo seleccionado de 2º ESO, divídese en 2 subgrupos formados por 2ºESO A/B (28 alumnos/as) e 2º ESO C/D (28 alumnos/as) con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 12 e os 14 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Autonomía, benestar persoal e saúde emocional | O alumnado reflexionará sobre a xestión autónoma da súa saúde física e emocional. | 25 | 11 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Autonomía, benestar persoal e saúde emocional | Traballarán a importancia de identificar e xestionar as súas emocións, así como técnicas de autocoidado emocional que favorezan o seu benestar persoal. | 25 | 11 | X | | |
| 2 | Impacto dos nosos hábitos no medio, nos demais e na saúde mental | Reflexionarán sobre o impacto dos hábitos persoais no benestar mental propio e dos demais, así como no entorno social e medioambiental. Comprenderán como os actos cotiás afectan á saúde mental e emocional, e buscarán formas de mellorar o seu estado mental a través de pequenos cambios nas rutinas diarias. | 35 | 13 | | X | |
| 3 | O coidado mutuo e o benestar emocional | O alumnado explorará como o coidado mutuo está estreitamente relacionado co benestar emocional. Reflexionarán sobre a importancia das redes de apoio, a empatía e o coidado dos outros para manter unha boa saúde mental. | 40 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | Autonomía, benestar persoal e saúde emocional | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Ser capaz de identificar e expresar, de forma clara e básica, por que a temática do proxecto (hábitos de vida saudables, coidado mutuo, etc.) é relevante para a súa vida cotiá e o seu benestar. | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Ser capaz de listar os recursos esenciais que precisará para levar a cabo o proxecto (por exemplo, materiais como un caderno para rexistrar hábitos, acceso a fontes de información fiables, etc.). | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Ser capaz de localizar e seleccionar información básica relacionada co proxecto (artigos sinxelos, sitios web ou fontes accesibles). | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporización. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 2 | Impacto dos nosos hábitos no medio, nos demais e na saúde mental | 13 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Identifica a información que precisa en fontes de confianza | TI | 100 |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Elabora unha temporalización para realizar o proxecto | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Enfróntase ás dificultades e busca solucións | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista | Executar as actuacións planificadas. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplicar os coñecementos axeitados. | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar recursos e materiais necesarios. | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver as incidencias xurdidas. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Valorar os resultados logrados. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presenta o resultado do proxecto de acordo coas indicacións | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | É quen de expresarse con claridade e utiliz a linguaxe axeitada | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Emprega unha xestualidade axeitada | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | É quen de controlar as emocións e sirvese delas para mellorar a exposición | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Emprega recursos audiovisuais axeitados | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--|-----------------|
| 3 | O coidado mutuo e o benestar emocional | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Realiza unha temporalización axeitada para a entrega do proxecto | TI | 100 |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Reacciona buscando solucións ás posibles incidencias atopadas | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista | Respecta a planificación prevista | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Aplica os coñecementos adquiridos | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Emprega os recursos de forma eficaz | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolve os problemas xurdidos e busca solucións | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Avalia o produto realizado | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentación das rutas e dos soportes que se empregarán para recoller a información | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Potenciar as emocións positivas na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Benestar en Acción"

As actividades están dirixidas a reforzar os aspectos transversais do currículo, facilitando a conexión entre distintas áreas de coñecemento e promovendo o desenvolvemento de competencias clave como a autonomía, o traballo en equipo, a autoestima e o coidado propio e mutuo. O proxecto realizarase en grupos de traballo cooperativo, onde cada alumno/a adoptará un rol específico e asumirá tarefas individuais, que se integrarán no produto final do proxecto.

Metodoloxía por avaliacións:

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Explicaranse os obxectivos do proxecto, centrados na identificación de hábitos saudables, tanto físicos como emocionais, e na reflexión sobre a súa importancia no benestar persoal. Cada grupo elixirá un aspecto ou ámbito concreto (alimentación, exercicio físico, saúde mental, descanso, coidado dos demais) e pescudará información relacionada.

- Actividades principais: Planificación das tarefas, selección de recursos e materiais (artigos, vídeos, testemuñas), e redacción dun plan de traballo, asignando responsabilidades dentro do grupo.

- Finalidade: Desenvolver habilidades de investigación, organización e traballo colaborativo desde o comezo do proxecto.

SEGUNDA AVALIACIÓN

Os grupos traballarán en propostas prácticas para implementar e mellorar os hábitos saudables elixidos. Cada equipo creará un plan de acción que inclúa unha campaña, un plan de intervención ou actividades que se poidan realizar na escola ou comunidade, enfocados en promover eses hábitos. Tamén organizarán charlas ou actividades interactivas para outros grupos da escola.

- Actividades principais: Desenvolvemento do plan de acción e as tarefas asociadas, coordinación entre equipos para compartir experiencias e aprendizaxes.

- Finalidade: Reforzar o traballo cooperativo, a planificación estratéxica e a capacidade de adaptación a retos reais.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Os grupos presentarán os seus resultados a través de distintos formatos (infografías, pósteres, presentacións orais ou recursos dixitais), resumindo o impacto do proxecto e as reflexións sobre os hábitos saudables adoptados.

- Actividades principais: Preparación das presentacións finais, reflectindo as aprendizaxes e resultados. Poderán presentar os seus traballos a outros cursos ou ao público.

- Finalidade: Mellorar a capacidade de comunicación, o uso de soportes dixitais e a reflexión crítica sobre o traballo realizado.

Competencias clave traballadas interdisciplinarmente:

- Lingua Galega e Castelá: Expresión oral e escrita, elaboración de informes e reflexións.
- Ciencias Naturais e Educación Física: Coñecementos sobre a saúde física, a nutrición e a actividade física.
- Educación en Valores Cívicos e Éticos: Coidado propio e mutuo, responsabilidade social e empatía.
- Educación Plástica e Visual / Educación Dixital: Creación de soportes visuais e dixitais (infografías, pósteres, recursos audiovisuais).

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Ordenador. |
| Recursos en papel e dixital disponibles na biblioteca |

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

Parte das sesións serán levadas a cabo na biblioteca onde os grupos buscarán a información correspondente e comezarán a redactar as súas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 25 | 35 | 40 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentar un dossier con toda a información sobre hábitos saudables e saúde emocional.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo cooperativo para deseñar un plan de acción para mellorar os hábitos saudables na comunidade escolar (campañas de sensibilización, actividades de promoción da saúde física e emocional).
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Cada equipo presenta oralmente os resultados do proxecto, empregando presentacións visuais que resuman as conclusións e reflexións sobre os hábitos saudables e a saúde emocional.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmos grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto de temática libre. De este modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión da Lectura | X | X | X |
| ET.2 - Expresión Oral e Escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación Audiovisual | | X | X |
| ET.4 - Competencia Dixital | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | X | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|----------------------------|------|------|------|
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X |

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Presentación do proxecto | Difusión informativa do proxecto. | | | X |
| Saídas ao exterior para levar a cabo actividades saudables | Visitas a diferentes lugares para levar a cabo actividades programadas por cada grupo | X | X | |

Observacións:

Presentación do proxecto na biblioteca do centro para todo o alumnado do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Utilización dos distintos instrumentos de avaliación. |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación. |
| Metodoloxía empregada |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas. |

| |
|--|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Participación activa de todo o alumnado. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado. |
| Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Adecuación á temporalización das unidades didácticas. |
| Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado. |

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

9. Outros apartados